

Normativa de Titorías Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense

(Aprobado en Comisión Permanente celebrada o 15 de decembro de 2014 e en Xunta de Facultade do 18 de decembro de 2014)

1. As titorías son presenciais, o que non impide que o docente que o desexe, poida, a maiores, realizar titorías por métodos non presenciais (e-mail, teléfono, ...).
2. As titorías realízanse ao longo de todo o curso académico, independentemente de que se teña a docencia acumulada no primeiro ou segundo cuadrimestre (ver regulamento de profesorado). Cabe a posibilidade de establecer tres horarios distintos o longo do mesmo curso académico, un horario durante o primeiro cuadrimestre, outro durante o segundo, e a posibilidade dun terceiro horario de titorías para os períodos sen docencia.
3. O horario de titorías debe fixarse entre as 9:00 e as 21:00 horas, en todo caso tendo en conta os horarios estipulados de apertura e peche do centro.
4. O docente terá en conta para a fixación das titorías un horario que non discrimine o horario de mañá ou de tarde.
5. O decanato do centro, antes do inicio do curso académico, solicitará vía correo electrónico o horario de titorías aos docentes do centro, establecendo un prazo para a súa comunicación. Os horarios de titorías serán aprobados na Xunta de Facultade ou Comisión Permanente, de maneira que é responsabilidade do decanato, unha vez aprobados, a súa publicación tanto na web do centro como no rótulo de identificación do despacho.

É responsabilidade do docente comunicar no prazo establecido polo decanato do centro o seu horario de titorías. De ningunha maneira o docente poderá cambiar dito horario pola súa conta. Caso de que, por algún motivo, o docente tivera que facer algún cambio, deberá comunicalo o decanato para poder facer as modificacións oportunas tanto na web da facultade como no rótulo de identificación do despacho.

O Regulamento de profesorado da Universidade de Vigo, establece entre as obrigacións dos docentes o cumprimento de titorías. A obrigación docente do profesorado será, semanalmente: para os docentes con réxime de dedicación a tempo completo, de oito horas lectivas e seis horas de titorías ou asistencia ao alumnado; para os docentes con réxime de dedicación a tempo parcial, entre un máximo de seis e un mínimo de tres horas lectivas, e un número igual de horas de titoría e asistencia ao alumnado (artigo 9º apartado 4 do Real Decreto 898/1985, de 30 de abril, sobre réxime do profesorado universitario (B.O.E. nº 146, do 19 de xuño), modificado polo Real Decreto 1200/1986 do 13 de xuño (BOE do 25 de xuño), polo Real Decreto 554/1991, do 12 de abril e polo Real Decreto 70/2000, do 21 de xaneiro (BOE do 22 de xaneiro)).